



VIII CERTAME LITERARIO X.C. GÓMEZ ALFARO

“HOMES E MULLERES DO MAR”

A Organización de Produtores Palangreiros Guardeses (ORPAGU), con desexo de promocionar a literatura galega e iniciar aos mais cativos no mundo literario, convoca a octava edición do certame literario X. C. Gómez Alfaro “HOMES E MULLERES DO MAR”.

Este premio poderá ser alcanzado por todos os autores e autoras cun relato curto escrito en lingua galega concorde coa idade, tema e valores sinaladas nas bases do concurso excepto as persoas gañadoras de edicións anteriores.

IDADE

- ☐ De 10 a 12 anos.

TEMA

- ☐ “Homes e mulleres do mar”

PARTICIPANTES

- ☐ Nenos e nenas de 10 a 12 anos de toda Galicia.
- ☐ A persoa premiada non poderá participar na edición consecutiva.

MODALIDADE E CATEGORÍAS DOS RELATOS

- ☐ Unha única modalidade na que inclúa o idioma galego.
- ☐ Cada participante só pode presentar un escrito.
- ☐ Os traballos presentados terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de seis.
- ☐ Formato de texto, arial 11 a dobre espazo e por unha soa cara.
- ☐ Deberán ser orixinais e inéditos, polo que non se terán en conta aqueles que xa fosen presentados e premiados en outros concursos.
- ☐ Os traballos presentados deberán ser de ficción, polo que o xurado non admitirá ensaios ou redaccións sobre o tema proposto.

ENTREGA DOS RELATOS

- ☐ Os relatos en formato papel presentaranse na oficina da Organización de Palangreiros Guardeses (OR.PA.GU.) na dirección calle Manuel Álvarez, 16 (baixo), C.P.36780 A



Guarda (Pontevedra) en horario de 09:00 h a 17:00 horas de luns a xoves ou de 09:00 h a 15:00 h o venres.

- ☐ Os relatos entregaranse en formato papel dentro dun sobre cerrado, POR TRIPLICADO e sen asinar.
- ☐ Axuntarase outro sobre cerrado que conterá no seu interior o nome e apelidos, idade, dirección, correo electrónico e teléfono do autor.
- ☐ No exterior de ambos sobres deberá constar a referencia do concurso “Homes e mulleres do Mar” e título da obra.

PAZO DE ADMISIÓN

- ☐ Dende o 01 de abril ata o 30 de abril.

PREMIOS

- ☐ Unha tablet, un galardón e un lote de libros.
- ☐ A entrega do premio será nun acto que se celebrará o día 6 de xuño na sede da Organización en A Guarda.

XURADO

Teremos o privilexio de contar cos seguintes escritores, que valorarán a orixinalidade que propoñan os relatos presentados, así como un estilo e calidade narrativa.

Anna R. Figueiredo é unha escritora, profesora e doutora en Física galega. Doutorouse pola Universidade de Sheffield e desenvolve actividade docente en Galicia, combinando o ámbito científico coa creación literaria.

É autora de narrativa, poesía e ensaio, e colabora habitualmente con medios e proxectos culturais. A súa primeira novela, *Os bicos feridos* (2018), gañou o **Premio Viadutos de Novela** do Concello de Redondela.

Tamén publicou o ensaio divulgativo *Feminismos. A historia cóntana as vencedoras* (2019) e participou en iniciativas de promoción cultural e literaria, ademais de exercer como vicepresidenta da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**.

Tensi Gesteira é unha xornalista e crítica literaria galega, licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. É coñecida polo seu labor de divulgación da literatura, especialmente a través do blog e das redes sociais **Lecturafilia**, un espazo dedicado á crítica, entrevistas a autores e recomendacións de lectura, centrado en boa medida na literatura galega.

Ao longo da súa traxectoria colaborou con distintos medios e proxectos culturais, participando tamén como xurado en premios literarios e en iniciativas de dinamización



da lectura. Ademais, desenvolveu traballos de comunicación institucional nun concello da provincia de Pontevedra.

O seu labor divulgativo converteuna nunha voz activa no ecosistema literario galego, contribuíndo á promoción de libros, autores e debates arredor da lectura.

Manuel Esteban é un escritor galego e médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, ademais de profesor da rama sanitaria de Formación Profesional no Centro Integrado de Formación Profesional Manuel Antonio.

Debutou na narrativa coa novela ***A ira dos mansos***, coa que gañou o **Premio Xerais de Novela 2016**. Posteriormente publicou títulos como *O meu nome é Ninguén* (2018) e *A vinganza dos homes bos* (2020), protagonizados polo inspector Carlos Manso. Tamén escribiu literatura xuvenil, como *Setestrelo* (2023), e outras obras como *O xogo de Escher* (2024) e *A lei do mar* (2025).

FALLO

- ☐ Será publicado o día 16 de Maio do 2026, nas páxinas web:
 - Organización de Palangreiros Guardeses (<http://www.orpagu.com>).
 - ORPAGU EDUCATIVO (<https://www.orpagueducativo.com/certame-literario/>)

OBSERVACIÓNS

- ☐ Para calquera consulta sobre o concurso ou as súas bases, pode dirixirse a seguinte dirección de correo electrónico: concursorelatosorpagu@gmail.com
- ☐ A Organización reservase os dereitos de reprodución gratuíta dos relatos presentados, citando sempre o nome e apelidos do autor ou autora.
- ☐ As obras serán validadas pola organización do concurso, reservándose o dereito de non facer públicas aquelas obras que se consideren non adecuadas ao espírito do concurso por diversos motivos, como pode ser por contido ofensivo.
- ☐ As obras non premiadas serán arquivadas ou destruídas pola Organización, garantindo así que non se fará ningún uso indebido do seu contido. Se o autor/a o indicase expresamente no momento da inscrición, devolverase a súa copia.
- ☐ O feito de participar supón a total aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado.
- ☐ A Organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.
- ☑ A Organización de Palangreiros Guardeses, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informa que os datos

persoais que Vd. nos proporciona, serán engadidos no ficheiro CERTAME LITERARIO X.C. GÓMEZ ALFARO“HOMES E MULLERES DO MAR”

- ☒ O certame literario X.C. GÓMEZ ALFARO“HOMES E MULLERES DO MAR”, titularidade de esta entidade, ten como finalidade e xestionar, difundir e fomentar o interese cultural e social organizado por ORPAGU no ámbito das súas competencias.
- ☐ Se o desexan, poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á oficina de Orpagu en A Guarda, calle Manuel Álvarez, número 16 – baixo.

